

<http://www.aranheira.com/nicolasa-anon-a-labrega-que-maxinaba-versos/#comments>

Nicolasa Añón: a labrega que maxinaba versos



O eido literario non é alleo ao resto das facetas sociais das que noutros tempos as mulleres estiveron excluídas. Dicía Simone de Beauvoir (1987 II: 13): «Non se nace muller, chégase a ser», porque non hai natureza que se constituía como destino, tan só costumes adquiridas dende a infancia que moldean roles de xénero e xerarquía sexual. Así «como as mulleres non se plantexan como suxeito, non crearon ningún mito [...] no que se reflectan os seus proxectos; carecen de relixión ou poesía que lles pertenza como cousa propia, e aínda soñan a través dos soños dos homes».

Xa no século XIX Rosalía de Castro afirmaba no limiar da súa novela *La hija del mar* que aínda non lles estaba permitido as mulleres escribir o que sentían ou o que sabían, asemade, denunciaba no artigo “Las literatas” os prexuízos misóxinos dos que se valía a sociedade para rexeitar as escritoras. Un século despois Virginia Woolf analizaba nos seus ensaios sobre a muller e a literatura- especialmente en *A Room of One’s Own* (1929)- os atrancos materiais, como a falta de independencia económica, ou a distribución sexual do tempo e do espazo, e os impedimentos psicolóxicos que condicionan o feito literario feminino. Estes últimos máis sutís, vencellados á consideración da muller coma o “segundo sexo” do que fala Simone de Beauvoir: seres dependentes e volcados na vida privada. É, pois, comprensíbel a escasa presenza das mulleres como creadoras ao longo da historia da literatura galega. No entanto, cómpre sinalar o papel protagónico da muller, aínda que dun xeito marxinal, nalgúns dos aspectos da nosa literatura, por exemplo na literatura popular, na que a autoría feminina é indubidábel.

Costureiras e teceláns, as mulleres interpretaron desafíos, cortexos, regueifas, parrafeos e cantigas de berce, garantindo a transmisión da nosa cultura. A historia dunha vella que lle conta contos a un grupo de nenos artellada por Méndez Ferrín no relato “Fría Hortensia” (*Amor de Artur*, 1982) non deixa de ser unha homenaxe a todas as informantes, cuxas historias, cantigas e contos, foron escolmados en cancioneros – *Cancioneiro da agulla* (1931), *Cantigueiro popular* (1973), etc.- e diversos produtos culturais que mesmo xurdiron ao abeiro de recollidas para preservaren o noso patrimonio musical. Lembremos agora o gran labor de músicos e investigadores etnográficos que tamén recoñecen a importancia da muller na transmisión da nosa tradición musical, tal é o caso do grupo Leilía que dedica o seu derradeiro traballo *ConSentimento* a Eva Castiñeira, pandereiteira e cantareira, e por extensión a tódalas mulleres que foron quen de preservaren a nosa tradición.

Son moitos os nomes de mulleres de extracción popular que podemos destacar, mais Nicolasa Añón Paz, irmá do poeta do Prerrexurdimento Francisco Añón, nada en Boel-Outes a comezos do século XIX, representa perfectamente os impedimentos materiais cos que se atopaba a vocación literaria feminina. Segundo recolle o artigo de Lisardo R. Barreiro “La hermana de Añón” (1890, *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*) Francisco Añón chegou a dicir: «¡Ai se ela estudase algo, se mesmo poidera ler catro versos, os seus farían que os meus se esqueceran!». Descrita por Barreiro como unha muller creativa cunha intelixencia natural, a quen coñeceu xa de vella, Nicolasa foi quen de tirarlle uns versos, agora conservados grazas ás anotacións do cronista. Trátase dunha elexía á morte de seu irmán e unha composición dedicada á visita de Afonso X a Santiago. Dúas composicións en estrofas octosilábicas, habituais no noso cancionero popular, que lle valeron á labrega que maxinaba versos a presenza na *Historia da Literatura galega contemporánea* de Carvalho Calero, que a considera “un caso de poesía popular firmada” (Carvalho Calero, 1981: 86).

[data de publicación: maio 2014]

[data de descarga: febreiro 2015]